

BIBLIOTECA IES Chapela

Curso 2018-19

NORMAS PARA O ALUMNADO



Servizo de préstamo. Durante o recreo funciona un servizo de préstamo. Como é habitual en todas as bibliotecas, están excluídos do préstamo os exemplares seriados – revistas, enciclopedias, ou tomos soltos -.

Como se solicita? Todos o alumnado dispón dun carné da Biblioteca coa única función de identificárense á hora de solicitar préstamos. Presentándoo ante a persoa de garda pódense levar a casa libros ou material audiovisual. Pódese consultar calquera material na biblioteca, só hai que deixalo no mesmo lugar unha vez rematada a lectura.

Durante canto tempo se presta? Os libros deben devolverse nun prazo de **10 días**, renovables a outros 10 - por suposto esíxese o seu coidado e a devolución en perfecto estado - e deberán entregarse á persoa de garda para que os rexistre.

Pola contra, o **material audiovisual** só se presta por 4 días. De incumpriren os prazos de devolución, perderase temporalmente o dereito ao préstamo.

Cantos títulos se poden pedir por préstamo? Cada usuario poderá sacar un máximo de **tres volumes** simultaneamente e, no caso do material audiovisual, **só dous**.

Normas de conduta na biblioteca

- ❖ Hai que gardar silencio.
- ❖ Non se pode comer nin beber.
- ❖ Non se pode cambiar de sitio o mobiliario.
- ❖ Hai que deixar as cadeiras no seu lugar cando se remata.

Normas para o uso de Internet

- ❖ O uso do ordenador é individual.
- ❖ Cómpre anotarse nun libro habilitado ao efecto para acceder a Internet.
- ❖ Está prohibido entrar en foros de *chats* e páxinas de xogos.
- ❖ Está prohibido modificar a configuración da pantalla.
- ❖ Non se pode deixar ningún arquivo de traballos no disco duro.